

INFORMACIÓN BÁSICA ABALAR / E-DIXGAL

O CPI de San Sadurniño participa nos proxectos ABALAR e E-DIXGAL nos curso 5º e 6º de Educación Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º da E.S.O. A participación nestes proxectos proporciona:

- **Aulas dixitais con conexión WIFI** e encerado dixital interactivo.
- **Ordenadores portátiles** para o alumnado.
- **Aula de aprendizaxe virtual E-DIXGAL**.
- **Libros de texto dixitais** na plataforma E-DIXGAL e no portátil do alumnado.

AULA VIRTUAL E-DIXGAL

Na plataforma E-DIXGAL o alumnado terá acceso ao libro de texto dixital interactivo que ademais de ter o libro de cada materia permite acceder a exercicios, actividades e recursos educativos. Para elo o profesorado proporcionaralle un contrasinal de acceso ao inicio do curso. Será responsabilidade do alumnado e das familias custodiar e non esquecer este contrasinal.

O acceso ao libro dixital tamén será posible sen conexión a internet dende o portátil do alumnado.

AULA VIRTUAL DO CENTRO

O noso centro conta tamén cunha aula virtual na que o profesorado pode poñer contidos propios, ligazóns a outros recursos, exercicios, tarefas e mesmo exames e probas. Tamén será proporcionado un contrasinal ó alumnado. É de importancia anotalo e non esquecelo para ter acceso no caso de que fose necesario.

O PORTÁTIL DO ALUMNADO.

Nos primeiros días do curso repartiranse os portátiles ao alumnado para traballar na aula e acceder ao libro dixital das diferentes materias. Este ordenador conta con conexión WIFI para usar na escola ou nos fogares.

A CESIÓN DO PORTÁTIL:

Nos vindeiros días enviarase o documento de cesión do portátil ás familias que terá que ser asinado e entregado ao titor ou titora. Nel **asúmese o compromiso de correcto uso e coidado do equipo e a responsabilidade en caso de perda ou rotura por descoido ou por uso inadecuado.**

Hai a posibilidade de contratar un seguro para o curso escolar que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

A contratación pode realizarse a través do Servizo Premium de Atención e Soporte (881 86 99 00) ou por WhatsApp (604 06 78 56) e no Telegram na conta @Serviciopremiumedixgal.

CORREO ELECTRÓNICO

O centro tamén proporciona ás familias unha conta de correo para a comunicación de tarefas e informacións educativas entre o profesorado, o alumnado e as familias. Será necesario asinar unha autorización para a creación da conta de correo e gardar e custodiar o contrasinal proporcionado.

SEGUE A ACTIVIDADE EDUCATIVA DO TEU/TÚA FILLA

Abalar pon á túa disposición diferentes canles online, a través do portal **EspazoAbalar** e da aplicación móbil **AbalarMóbil**, para que poidas seguir a actividade educativa do/a teu/túa fillo/a e contactar co profesorado.

AMPLÍA A INFORMACIÓN EN:

Folleto informativo detallado
<https://is.gd/L4qxH4>

Información E-Dixgal
<https://is.gd/EaQMVD>

EspazoAbalar - AbalarMóbil
<https://is.gd/8bVmFu>